

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

7300 *Orde HAP/1287/2015, do 23 de xuño, pola que se determinan a información e os procedementos de remisión que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá, con carácter permanente, á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

O artigo 4.2 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, prevé que a Autoridade terá á súa disposición a información económico-financiera relativa ás distintas administracións públicas. Co fin de garantir a eficiencia e evitar duplicidades na remisión de información, o acceso á información realizarase preferentemente a través do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sen prexuízo de que poida requirirse directamente información adicional ás correspondentes administracións públicas, en concreto cando a información obtida a través do Ministerio non resulte suficiente ou completa ou requira dalgunha aclaración.

Así mesmo, prevese que mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, se determinarán os datos, documentos e procedementos de remisión, incluídos os telemáticos, que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da mencionada Autoridade.

Por outra parte, o artigo 6 do Estatuto orgánico da Autoridade, regulado no Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, establece que mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, se determinarán os datos, documentos e procedementos de remisión, incluídos os telemáticos, que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da mencionada Autoridade, así como o acceso desta á información adicional que puider requirir.

Esta orde ten como obxecto o desenvolvemento do sinalado nesas preceptos da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, e do Estatuto orgánico, co dobre propósito de garantir, por un lado, o acceso da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a canta información resulte necesaria para o desenvolvemento das súas funcións e, por outro, de coordinar os fluxos de información á citada Autoridade cos xa existentes entre as administracións públicas para efectos de evitar a aparición de duplicidades e ineficiencias.

A este respecto sinálase que unha gran cantidade da información das administracións territoriais cuxa remisión á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal regula esta orde, a través da Central de Información Económico-Financiera das Administracións Públicas, xa é obxecto de remisión por parte delas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, como consecuencia da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A orde articúlase en cinco capítulos. O primeiro deles, «Disposicións xerais», sinala a vía preferente de relación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal coas administracións públicas a través da Central de Información Económico-Financiera das Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, cuxa información se porá á disposición permanente da Autoridade con carácter xeral. Deste modo, ponse ao seu servizo o importante exercicio de transparencia, centralización e tratamento sistemático da información económico-financiera do sector público impulsado e materializado polo Ministerio de Facenda e Administracións desde a aprobación da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Así mesmo,

con isto canalízase de maneira eficiente a información referida ás administracións públicas que é obtida polo Ministerio de Facenda e Administracións Territoriais en aplicación da Orde HAP 2105/2012, do 1 de outubro, evitando así ás restantes administracións públicas a duplicación innecesaria das vías de subministración de información.

Así mesmo, a orde regula o acceso a información adicional por parte da Autoridade establecendo o procedemento, a forma de solicitude e de remisión dos novos datos, os prazos de subministración e os supostos en que se facilitará a información requirida pola Autoridade, de acordo co previsto na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, e no Real decreto 215/2014, do 28 de marzo.

Nos capítulos II, III e IV da orde detállase de maneira exhaustiva a información económico-financeira da Administración central e da Seguridade Social, así como información agregada de todas as administracións públicas, das comunidades autónomas e corporacións locais, respectivamente, con que contará de maneira permanente a Autoridade. Así, os artigos 5 a 12 recollen un amplo elenco de información, datos e informes cuxa análise permite unha comprensión profunda da situación económica, financeira e orzamentaria de cada un dos niveis da Administración.

Finalmente, o capítulo V da orde regula a solicitude de información por parte da Autoridade a un departamento ministerial ou Administración territorial, unha vez que tal información non puido ser obtida pola vía preferente da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas. Como garantía da coordinación nos fluxos de información e da fiabilidade da información posta á disposición da Autoridade a través desta vía, esta comunicará ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información así obtida. Finalmente, desenvólvense as obrigacións de subministración de información das actividades en materia de relacións internacionais establecidas no artigo 7.1 do Real decreto 215/2014, do 28 de marzo.

A orde complétase cunha disposición adicional única e dúas disposicións derradeiras. Mediante a disposición adicional, que regula as obrigacións de publicación das operacións non financeiras da Administración central e do subsector da Seguridade Social, así como da información relativa a pasivos continxentes das administracións públicas, complétase a transposición ao dereito español da Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros. As disposicións derradeiras, pola súa parte, establecen a incorporación parcial ao dereito español da citada Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, e a entrada en vigor da orde no día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Acceso xeral á información económico-financeira por parte da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal terá acceso á información económico-financeira correspondente a calquera dos suxeitos a que se refire o artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, elaborada en cumprimento da dita lei ou doutras disposicións legais ou regulamentarias. Este acceso non comprenderá a información que teña carácter auxiliar ou de apoio, como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

2. Todas as entidades incluídas no ámbito de actuación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal deberán prestarlle o apoio, concurso, auxilio e colaboración que lle sexan precisos, facilitando a documentación necesaria para o adecuado exercicio das súas funcións, nos termos previstos na presente orde.

Artigo 2. Relacións entre a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal e a Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

1. O acceso da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal á información a que se refire o artigo anterior realizarase a través do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a unidade de enlace do Ministerio será a Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas, dependente da Subdirección Xeral de Coordinación da Información Económico-Financeira.

2. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal terá acceso con carácter permanente á información que a dita Central de Información provexa, de acordo co disposto no artigo 28 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

3. Así mesmo, a Autoridade poderá solicitar o acceso a información adicional, conforme o establecido no artigo 5.

Artigo 3. Remisión de documentación obxecto de informes

1. A remisión da documentación obxecto dos informes regulados nos artigos 14, 15, 16, 18, 19, 20 e 22 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, será realizada pola Administración competente á Autoridade con anticipación suficiente para a emisión dos citados informes, e non será necesaria, por tanto, unha solicitude de remisión por parte da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

2. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal publicará na súa páxina web un calendario coa data límite de remisión de información completa dispoñible por parte das administracións públicas necesaria para a emisión dos seus informes.

3. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, mediante resolución do seu presidente, poderá aprobar, para cada un dos informes que deba emitir, unha relación oficial de información requirida.

Artigo 4. Medios de remisión da información.

1. A remisión ou posta á disposición da documentación e información por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal realizarase a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas en castelán e por medios electrónicos, salvo que por razóns excepcionais e xustificadas a Autoridade autorice a súa remisión por outros medios ou idioma.

2. A remisión de información á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal será efectuada polo responsable da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas mediante sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, salvo naqueles casos en que se acorde que non é necesaria a súa utilización.

3. A remisión ou posta á disposición da información á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal efectuarase no formato en que estea dispoñible a información de orixe na Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

En todo caso, a Autoridade, logo de acordo co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, poderá definir e exixir que a información solicitada se presente nun determinado formato para facilitar o seu tratamento e análise.

4. Non obstante o anterior, a remisión de información poderá ser substituída por un sistema de acceso remoto por parte da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal aos contidos que publique a Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

5. De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, así como no artigo 10 do Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, a adopción de calquera acordo, programa ou proxecto que conte co informe da Autoridade requirirá que,

de modo expreso, inclúa esta circunstancia no propio texto, indicando se foi ou non avalado pola Autoridade, así como a mención expresa ao carácter preceptivo e non vinculante de tales informes. Se a Administración ou a entidade destinataria do informe se aparta das recomendacións que a Autoridade formulou expresamente no seu informe, en relación co obxecto deste, deberá motivalo nun informe e incorporalo no correspondente expediente, o que se comunicará á Autoridade.

Artigo 5. Procedemento para atender os requirimentos de información adicional realizados pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

1. Segundo o establecido no artigo 2.3, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá solicitar información adicional se a información pública dispoñible a través do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas non resulta suficiente ou completa ou require dalgunha aclaración.

2. A solicitude de información adicional deberá realizarse, en primeiro termo, á Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

3. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal dirixirá a súa solicitude por medios electrónicos á Central de Información Económico-Financeira mediante sinatura electrónica avanzada do seu presidente, con indicación da disposición legal ou regulamentaria que determine a elaboración da información solicitada, así como a motivación da solicitude en relación cun informe determinado pola Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, ou por unha opinión ou estudo cuxa realización fose acordada formalmente conforme o disposto no Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

4. A Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas remitirá ou porá á disposición a información solicitada no prazo fixado pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que non poderá ser inferior a cinco días nin superior a quince. Se a Autoridade non fixar prazo para a remisión da información, esta remitirase nun prazo de dez días hábiles. A Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas motivará por que non pode ser subministrada unicamente polas seguintes causas:

a) A información solicitada ten a consideración de carácter auxiliar ou de apoio ou se trata de información contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

b) A elaboración da información solicitada non está motivada nunha disposición legal ou regulamentaria.

c) A información solicitada está motivada nunha disposición legal ou regulamentaria pero solicítase nun momento anterior ao que a normativa vixente establece para a súa elaboración. Neste caso comunicarse á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a data en que a citada información será pública e dispoñible.

d) Cando se trate de información referida a comunidades autónomas ou corporacións locais, se a dita información non foi subministrada previamente por estas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

5. A Autoridade poderá dirixir unha solicitude de información a outro departamento ministerial ou á Administración territorial correspondente cando se solicítase previamente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas conforme este artigo e non recibise a información por unha causa distinta das sinaladas nas alíneas a), b) e c) do número anterior. En todo caso, a solicitude realizada a outros departamentos ministeriais ou administracións territoriais deberá ser motivada conforme o disposto no número 3 deste artigo e nelas deberá facerse constar que houbo unha solicitude previa á Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

CAPÍTULO II

Información da Administración Central e da Seguridade Social

Artigo 6. *Información da Administración central e das administracións da Seguridade Social en termos de contabilidade nacional.*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a seguinte información económico-financeira en termos de contabilidade nacional da Administración central e das administracións da Seguridade Social, así como a información consolidada ou agregada do conxunto das administracións públicas ou dos seus subsectores nos prazos e co detalle con que a información estea dispoñible na Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas:

- a) Con carácter mensual, datos consolidados da Administración central, comunidades autónomas e administracións da Seguridade Social. En particular, información mensual das operacións non financeiras realizadas polo agregado dos subsectores Administración central, comunidades autónomas e administracións da Seguridade Social, de acordo cos criterios de contabilidade nacional.
- b) Con carácter mensual, operacións non financeiras do subsector Administración central. En particular, información mensual das operacións non financeiras realizadas polo subsector Administración central, de acordo cos criterios de contabilidade nacional.
- c) Con carácter mensual, operacións non financeiras do subsector administracións da Seguridade Social. En particular, información mensual das operacións non financeiras realizadas polo subsector administracións da Seguridade Social, de acordo cos criterios de contabilidade nacional.
- d) Con carácter mensual, relación dos datos orzamentarios baseados na contabilidade pública das unidades que compoñen o sector administracións públicas para os subsectores da Administración central e as administracións da Seguridade Social, en cumprimento do artigo 3.2 da Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.
- e) Con carácter trimestral, operacións non financeiras das administracións públicas en termos de contabilidade nacional.
- f) Con carácter anual, operacións non financeiras en termos de contabilidade nacional correspondentes ao conxunto das administracións públicas e de cada subsector.
- g) Con carácter anual, información en termos de contabilidade nacional de impostos e cotizacións sociais das administracións públicas.
- h) Con carácter anual, clasificación funcional do gasto das administracións públicas conforme os criterios de contabilidade nacional.
- i) Información relativa ás notificacións á Unión Europea en materia de déficit e débeda pública no contexto do procedemento de déficit excesivo, unha vez que sexan publicadas.

Artigo 7. *Información de execución orzamentaria da Administración central e dos seus organismos.*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a seguinte información económico-financeira relativa á execución orzamentaria do sector público estatal:

1. Información mensual que deba ser posta á disposición das Cortes Xerais por parte da Intervención xeral da Administración do Estado, de conformidade co disposto no artigo 135 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e que de conformidade coa Orde EHA/3067/2011, do 8 de novembro, pola que se aproba a Instrución de contabilidade para a Administración xeral do Estado, se compón da seguinte información:

a) Orzamento de gastos: para o orzamento de gastos do exercicio en curso, e para cada unha das clasificacións orzamentarias, orgánica, por programas e económica, detallándoas ao nivel de sección, política de gasto e artigo, presentará a información que se establece no Plan xeral de contabilidade pública para o Estado «Liquidación do orzamento de gastos». En particular:

- 1.º Os créditos orzamentarios definitivos, diferenciándoos segundo se correspondan cos aprobados no orzamento inicial ou cos procedentes de posteriores modificacións deste.
- 2.º Os gastos comprometidos.
- 3.º As obrigacións recoñecidas netas.
- 4.º Os pagamentos realizados.
- 5.º As obrigacións pendentes de pagamento.
- 6.º Os remanentes de crédito.

A información anterior referirase á totalidade das operacións que se realizasen desde o inicio do exercicio até o fin do período a que se refira.

b) Modificacións aos créditos do orzamento de gastos: co mesmo nivel de desagregación establecido na alínea a) anterior, mostraranse as modificacións autorizadas aos créditos iniciais do orzamento de gastos que se producen durante o período a que a información se refira, detallando:

- 1.º Créditos extraordinarios.
- 2.º Suplementos de crédito.
- 3.º Ampliacións de crédito.
- 4.º Transferencias de crédito, distinguindo entre positivas e negativas.
- 5.º Incorporacións de remanentes de crédito.
- 6.º Créditos xerados por ingresos.
- 7.º Baixas por anulación e rectificación.
- 8.º Redistribución de créditos.
- 9.º Total das modificacións.

c) Execución do orzamento de ingresos: para o orzamento de ingresos do exercicio que se fecha e para cada un dos artigos que configuran a súa clasificación económica, presentará a información que se establece no Plan xeral de contabilidade pública para o Estado «Liquidación do orzamento de ingresos». En particular:

- 1.º As previsións orzamentarias definitivas, diferenciándoas segundo se correspondan coas inicialmente aprobadas no orzamento ou con posteriores modificacións deste.
- 2.º Os dereitos recoñecidos netos.
- 3.º A recadación neta.
- 4.º Os dereitos pendentes de cobramento.
- 5.º O exceso ou defecto de previsión. Esta información só se elaborará referida a 31 de decembro.

A información anterior referirase á totalidade das operacións que se realizasen desde o inicio do exercicio até o fin do período a que se refira.

d) Resultado orzamentario do exercicio.

e) Movemento de tesouraría: esta información porá de manifesto os pagamentos e cobramentos realizados até o fin do período a que se refira, detallándoos segundo a súa natureza económica e o seu carácter orzamentario ou non orzamentario, e nos orzamentarios diferenciándoos segundo correspondan a orzamento corrente ou a orzamentos fechados.

2. Información mensual relativa ás operacións de execución do orzamento do Estado e das súas modificacións, e operacións de tesouraría, e das demais que se consideren de

interese xeral, de conformidade co disposto no artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro.

3. Información relativa ao grao de execución do investimento co detalle da distribución territorial do Estado e dos seus organismos autónomos, nos termos e coa periodicidade que se determine na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

4. Información anual da liquidación dos orzamentos xerais do Estado, diferenciando entre a liquidación do orzamento da Administración xeral do Estado, a dos organismos autónomos, axencias estatais e outros organismos públicos con créditos do seu orzamento de gastos de carácter limitativo e a correspondente aos orzamentos de explotación e capital.

Artigo 8. *Información relativa aos orzamentos xerais do Estado e do proceso orzamentario.*

1. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal toda a documentación que, conforme o disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, deba formar parte dos orzamentos xerais do Estado, referida tanto aos orzamentos xerais do Estado aprobados polas Cortes Xerais como ao proxecto remitido polo Goberno.

2. Así mesmo, porase á disposición permanente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a seguinte información relativa ao proceso orzamentario de cada exercicio:

a) O programa de estabilidade do Reino de España aprobado polo Goberno cada exercicio, que inclúe o plan orzamentario a medio prazo a que se refire o artigo 29 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

b) Os acordos do Consello de Ministros de cada exercicio en que se establecen os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto das administracións públicas, de conformidade co disposto nos artigos 15 e 16 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

c) O acordo do Consello de Ministros de cada exercicio en que se determina o límite de gasto non financeiro do Estado, de conformidade co disposto no artigo 30 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

d) O plan orzamentario do Reino de España de cada exercicio no marco do disposto no Regulamento (UE) 473/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, sobre disposicións comúns para o seguimento e a avaliación dos proxectos de plans orzamentarios e para a corrección do déficit excesivo dos Estados membros da zona do euro.

e) Os informes de cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública e regra de gasto a que se refiren os números 3 e 4 do artigo 17 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

f) O informe de situación da economía española a que se refire o artigo 15 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Artigo 9. *Outra información económico-financeira do sector público estatal.*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a seguinte información económico-financeira relativa á execución orzamentaria do sector público estatal:

a) A conta xeral do Estado de cada exercicio, así como a conta xeral da Administración xeral do Estado.

b) As contas anuais aprobadas das entidades do sector público administrativo, empresarial e fundacional estatal.

c) Informes relativos ao período medio de pagamento das entidades do sector público estatal, de conformidade co disposto na Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, na súa normativa de desenvolvemento

e na restante normativa sobre morosidade das administracións públicas, co contido e coa periodicidade que se determine en tales normas.

d) Información publicada no inventario de entes do sector público estatal, autonómico e local.

e) Información pública dispoñible sobre os pasivos continxentes, como son as garantías públicas, que poidan incidir de maneira significativa nos orzamentos públicos.

f) Información pública dispoñible anual sobre os beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.

CAPÍTULO III

Información relativa á situación económico-financeira das comunidades autónomas

Artigo 10. *Remisión de Información relativa ás comunidades autónomas.*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a seguinte información referida ás comunidades autónomas, sempre que a comunidade autónoma correspondente cumprise de maneira efectiva as obrigacións de subministración de información previstas na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira:

a) Información anual sobre os proxectos de orzamentos xerais das comunidades autónomas.

b) Información anual sobre os orzamentos xerais das comunidades autónomas, co seguinte alcance e prazos: no primeiro trimestre do ano, datos de avance e no último trimestre do ano, datos definitivos.

c) Información anual sobre a liquidación dos orzamentos das comunidades autónomas.

d) Información anual do subsector das comunidades autónomas en termos de contabilidade nacional, incluíndo o detalle das principais rúbricas de ingresos e gastos. Así mesmo, con carácter anual, información da clasificación funcional do gasto das comunidades autónomas segundo a clasificación das funcións das administracións públicas e o detalle das rúbricas de impostos percibidos polas comunidades autónomas. Esta información subministrarse nos prazos e co detalle con que estea dispoñible na Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

e) Información mensual do subsector das comunidades autónomas en termos de contabilidade nacional, detallando as principais rúbricas de ingresos e gastos. Esta información subministrarse nos prazos e co detalle con que estea dispoñible na Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

f) Información mensual sobre a execución dos orzamentos das comunidades autónomas.

g) Informe semestral sobre o impacto do sector público autonómico na actividade económico-financeira.

h) Información detallada anual sobre os beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.

i) Información pública dispoñible sobre os pasivos continxentes, como son as garantías públicas, que poidan incidir de maneira significativa nos orzamentos públicos.

CAPÍTULO IV

Información relativa á situación económico-financeira das corporacións locais

Artigo 11. *Remisión de información relativa ás corporacións locais.*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a seguinte información referida ás corporacións locais, sempre que as corporacións locais correspondentes cumprisen de maneira efectiva as obrigacións de subministración de información previstas na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro:

- a) Información anual dos orzamentos xerais das corporacións locais e/ou dos estados financeiros iniciais.
- b) Información anual da liquidación dos orzamentos do exercicio anterior das corporacións locais e das contas anuais para as entidades sometidas ao Plan xeral de contabilidade de empresas ou ás súas adaptacións sectoriais.
- c) Información anual do subsector das corporacións locais do ano anterior en termos de contabilidade nacional, co detalle das principais rúbricas de ingresos e gastos. Así mesmo, con carácter anual, información relativa á clasificación funcional do gasto das corporacións locais segundo a clasificación das funcións das administracións públicas e o detalle das rúbricas de impostos percibidos polas corporacións locais. Esta información subministrárase nos prazos e co detalle con que estea dispoñible na Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.
- d) Información trimestral resumida da execución acumulada ao final de cada trimestre dos orzamentos das corporacións locais e dos ingresos e gastos para as entidades suxeitas ao Plan xeral de contabilidade de empresas ou ás súas adaptacións sectoriais.
- e) Con carácter anual, o informe sobre débeda viva das entidades locais en 31 de decembro do exercicio anterior, segundo o protocolo de déficit excesivo das entidades, a partir da información remitida polo Banco de España presentado á Comisión Nacional de Administración Local.
- f) Información trimestral do subsector das corporacións locais en termos de contabilidade nacional, detallando as principais rúbricas de ingresos e gastos. Esta información subministrárase nos prazos e co detalle con que estea dispoñible na Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.
- g) Información pública dispoñible sobre os pasivos continxentes, como son as garantías públicas, que poidan incidir de maneira significativa nos orzamentos públicos.
- h) Información pública dispoñible anual sobre os beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

CAPÍTULO V

Outras obrigacións de información

Artigo 12. *Información adicional obtida directamente dunha comunidade autónoma, corporación local ou outro departamento ministerial.*

1. Se for preciso, a Autoridade poderá dirixir unha solicitude de información adicional directamente a unha comunidade autónoma, corporación local ou outro departamento ministerial, nos termos establecidos no artigo 5, e comunicáralo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

2. Unicamente se poderá deixar de atender a solicitude de información nos supostos previstos no artigo 5.4.

3. As comunidades autónomas e corporacións locais poderán facer chegar a información solicitada a través do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que a porá á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a través da Central de Información Económico-Financeira da Administracións Públicas.

4. Se, como consecuencia da solicitude mencionada no número 1, a Autoridade obtiver información adicional, comunicarao ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas e remitirá a esta, sempre que sexa posible por medios telemáticos, a información así obtida o antes posible e, en todo caso, no prazo máximo de cinco días. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá comunicar á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal as posibles inconsistencias que detecte na dita información respecto á que dispoña a Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

Artigo 13. *Información relativa ás actuacións no ámbito internacional.*

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, de acordo co establecido no artigo 7.1 do Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, deberá informar, durante os cinco días seguintes á finalización de cada trimestre do ano natural, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas, de todas as comunicacións e intercambios de información que realice no ámbito das súas relacións institucionais, segundo o previsto no artigo 6 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.

Disposición adicional única. *Publicación das operacións non financeiras e pasivos continxentes.*

1. A información mensual das operacións non financeiras realizadas polo subsector Administración central, así como polo subsector das administracións da Seguridade Social, de acordo cos criterios de contabilidade nacional, será obxecto de publicación con carácter mensual.

2. Así mesmo, publicarase a información sobre os pasivos continxentes das administracións públicas e a conciliación entre os datos baseados na contabilidade de caixa e os datos baseados na contabilidade nacional.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde complétase a transposición ao dereito español da Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de xuño de 2015.–O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.